

1º CONCURSO DE COMPOSICIÓN OBDULIA PRIETO NESPEREIRA

ORGANIZA



COLABORAN



Departamento de
Fundamentos de Composición



1º CONCURSO DE COMPOSICIÓN OBDULIA PRIETO NESPEREIRA

O Conservatorio Profesional de Música de Ourense organiza xunto co Departamento de Fundamentos de Composición o **1º Concurso de Composición Obdulia Prieto Nespereira**. Con el preténdese fomentar a creación individual de obras musicais, a creatividade e a liberdade artística polo que a temática é libre e aceptase calquera tipo de estética ou estilo musical.

BASES

1. Participantes:

Estudantes que estean matriculados en calquera dos Conservatorios de Grao Profesional de Galicia, de xeito individual e sen límite de obras presentadas.

2. Características das composicións:

As obras deberán ser orixinais, inéditas, nunca antes estreadas en público, non editadas e non premiadas noutros concursos.

A dificultade das obras deberá ser accesible para o alumnado do Grao Profesional.

A instrumentación será libre admitíndose, dentro de calquera das especialidades ofertadas no CMUS de Ourense, tanto obras a solo, como de música de cámara, ou mesmo para grandes agrupacións.

A duración non excederá dos 6 minutos.

3. Inscripción:

Para inscribirse, os participantes deberán formalizar a inscrición antes do día 29 de marzo de 2024 e presentar a documentación (coa fin de preservar o anonimato), do seguinte xeito:

- a) A obra deberá presentarse cun título e cun seudónimo como únicos datos identificativos na partitura.
- b) Acompañando á partitura incluírase un sobre pechado identificado externamente co título da obra e o seudónimo. No interior deste sobre incluírase o boletín de inscrición, unha copia simple do DNI, o certificado de estar cursando estudos nun Conservatorio de Grao Profesional de Galicia no curso 23-24 e una declaración firmada na que se indique que a obra presentada non foi editada nin estreada con anterioridade en concerto público, nin co título actual nin con calquera outro.

Os traballos serán remitidos por correo postal a:

Conservatorio Profesional de Música de Ourense, Rúa Pablo Iglesias, s/n. C.P. 32004 Ourense.

Nota: No caso de resultar a obra premiada, a persoa compositora terá como máximo quince días dende a publicación do fallo do xurado para entregar as particellas necesarias para, na medida do posible, levar a cabo a interpretación da obra.

XURADO

O xurado será designado pola dirección do Conservatorio Profesional de Música de Ourense.

Dito xurado resérvase o dereito de declarar deserto calquera dos premios, así como de adxudicar os accésit que estime oportunos.

O fallo do xurado será inapelable e poderá resolver calquera casuística non contemplada nestas bases.

PREMIOS

1º Premio: Cheque de 150 euros para material musical.

2º Premio: Cheque de 100 euros para material musical.

Premio especial da ANPA para o alumnado do CMUS de Ourense: Cheque de 50 euros para material musical (*este premio pode ser acumulable con calquera dos dous anteriores*).

A inscrición no Concurso leva á aceptación das bases.

Máis información na nosa páxina web www.conservatoriourense.gal, ou no teléfono: 988 39 10 47

BOLETÍN DE INSCRICIÓN

1º CONCURSO DE COMPOSICIÓN OBDULIA PRIETO NESPEREIRA

Nome e apelidos _____

Enderezo _____ Localidade _____

Provincia _____ C.P. _____ Tfno. _____

E-mail _____

Centro de estudos _____